



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Anuncio de publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso de estabilización de prazas de traballador/a social

ANUNCIO

RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS 2 PRAZAS TRABALLADOR/A SOCIAL (PERSONAL LABORAL FIXO)

Por resolución de alcaldía de data 14/03/2023 aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas prazas praza de traballador/a social, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización de emprego temporal de longa duración:

“EXPEDIENTE: 6778/2022

ASUNTO: RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL, PERSONAL LABORAL FIXO, INCLUÍDO NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE BOIRO PARA A ESTABILIZACIÓN EXCEPCIONAL DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN.

CÓDIGO DO PROCEDIMENTO: 12/2022

DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 14/12/2022 aprobáronse, entre outros, as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas prazas de traballador/a social, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 238 de data de 19 de decembro de 2022, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do concello www.boiro.gal.

Con data 28 de decembro de 2022 publicouse o anuncio de dita convocatoria no BOE, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

O 26 de xaneiro de 2023 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas prazas de traballador/a social, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración, con indicación da causa de exclusión provisional, e dispoñer a súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia da Coruña”, concedendo un prazo improrrogable de dez días hábiles (contados a partir do seguinte ao da publicación) para emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión provisional da persoa aspirante.

Quen, dentro do prazo sinalado, non emende a exclusión ou omisión provisional xustificando o seu dereito á admisión, será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

A relación provisional de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse, así mesmo, na páxina web do concello www.boiro.gal

1) Relación provisional de persoas admitidas:

NIF	NOME	CELGA 4
***5896**	LIDIA SUEIRO LOPEZ	Exenta
***3839**	MARIA JOSE TEMBRA PENEIREIRO	Exenta
***5357**	MARIA MANUELA ZAS CASTRO	Exenta
***6614**	MARIA VILLAR LOUREIRO	Exenta
***8259**	MARTA ALVAREZ GONZALEZ	Exenta
***7260**	ROSA MARIA OCAMPO GONZALEZ	Exenta
***2286**	VANESA GARCIA GARCIA	Exenta

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

2) Relación provisional de persoas excluídas:

NIF	Nome	CELGA 4	Motivo da exclusión
***8498**	BETANIA REY CEBREIRO	Exenta	- Non presenta relación numerada dos méritos (Base específica terceira)
***7631**	CARLA PEREZ MILLOS	Exenta	- Non presenta relación numerada dos méritos (Base específica terceira) - Non xustifica debidamente bonificación de taxas
***7469**	MANUELA ESPERANZA TAJES FER- NANDEZ	Exenta	- Non presenta relación numerada dos méritos (Base específica terceira) - Non acredita familia numerosa (bonificación de taxa)

Segundo.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, 14 de marzo de 2023.

O alcalde do Concello de Boiro

José Ramón Romero García.

2023/1847